

Anexo IV

Emenda nº 3

3.- As pensións non contributivas pagaranse con cargo aos Orzamentos xerais do estado nunha contía que ha de ser Suficiente para poder vivir con dignidade segundo os criterios homologados da Carta social europea. A pensión non contributiva é un dereito individual e, por tanto, nacerá cando a persoa, independentemente da súa situación familiar ou de convivencia, acade a idade legalmente establecida e non cobre ningunha pensión de carácter contributivo, ou se confirme a situación de discapacidade que xere o dereito a cobrala.

-----Explicación-----

(NOTA: por definición as pensións contributivas teñen que ser iguais ou superiores ás non contributivas)

-Preténdese clarificar a posición de Modepén respecto ás pensións non contributivas, unhas prestacións claramente insuficientes e que deixan a moitas persoas en situación de pobreza.

-Preténdense os seguintes obxectivos:

- Un primeiro obxectivo (Prestación Suficiente) sería precisamente acabar coa pobreza entre as persoas que, por idade (actualmente 65 anos) ou por discapacidade, son receptoras desa pensión.
- Un segundo obxectivo sería consolidar que esas prestacións sexan a cargo dos Orzamentos xerais do estado e non da Caixa da seguridade social.
- Un terceiro obxectivo sería contribuír a pechar a fenda de xénero, tanto pola condición de ser a súa contía, cando menos “suficiente”, como pola de ser individual, mesmo que dentro da unidade familiar ou de convivencia algunha outra persoa sexa receptora dunha outra pensión contributiva ou non contributiva.
- Un cuarto obxectivo sería reducir a burocracia (sería automática coas únicas condicións de idade ou discapacidade e de non cobrar a contributiva). É de importancia, e supoño que polémico, indicar que, ao non se dicir nada, sería independente de calquera outra renda que teña a persoa beneficiaria.

Non teño realizado cálculos de canto custaría, pero penso que sería viábel ao dirixirse a un colectivo que, en boa medida, xa cobra algunha pensión.

(Bieito)